

## Manuel López Jorge

Pianista e compositor nacido en Santiago de Compostela en 1984. Realizou os seus estudos de grao superior de piano no Conservatorio Superior de A Coruña co profesor Pablo Ferreiro, onde obtivo as máximas cualificacións en piano e música de cámara, así como Matrícula de Honra fin de carreira. Posteriormente trasladouse a Londres, onde en 2010 finalizou un Máster en interpretación pianística baixo a dirección de Deniz Arman Gelenbe, obtendo a cualificación de diploma de mérito e o premio *ByramJeejeebhoy* concedido polo conservatorio aos alumnos máis destacados.

Recibiu numerosos premios e ofrecido grande número de recitais en distintos lugares. Tocou en salas importantes de Londres como Steinway Hall, Yamaha Chapell of Bond Street e MacLaren Hall. Gañador do concurso Leonard Smith dous anos consecutivos, foi finalista dos concursos "John Longmire" e "Alfred Kitchin". Recentemente foi un dos dous premiados do seu conservatorio no concurso organizado por "Jaques Samuel Pianos" en Londres, e está chamado a ofrecer o seu primeiro recital en St. James-Piccadilly en xaneiro de 2012.

A súa actividade como músico de cámara é especialmente intensa. Durante os seus estudos en Coruña foi membro do "Trío opus 40", co que gañou o concurso "Sons do Arlanza" e ofreceu numerosos concertos. Actualmente forma parte do "Golden Piano Trio", do cal é membro fundador. O trío comezou a súa andaina en *Dartington International SummerSchool* en 2009. En 2010 o trío resultou gañador da *Cavatina Chamber Music Competition*, e dende entón ofreceu un grande número de concertos en salas como a *Old Royal Naval CollegeChapel*. En 2011 ofreceu un concerto xunto ao violonchelista Thomas Piel en Münster (Alemaña), dentro do festival Edward Grieg. Forma dúo estable coa violinista inglesa ValtieNunn, coa que gañou concursos e ofreceu concertos en salas como Cheltenham Town Hall ou Lincoln Drill Hall. Recibiu recentemente o premio John *Thompson* pola súa actividade camerística en Trinity Laban.

Estudou composición durante seis anos co mestre Antón García-Abril na Escola de Altos Estudios Musicais en Santiago. En 2007, músicos da EAEM estrearon a súa obra *Sexteto*, para vento-madeira, percusión e piano. Actualmente estuda composición e orquestración en Trinity Laban co compositor Stephen Montague. Estreou a súa sonata para piano e a *obra Dos espazos* para violoncelo e piano en Londres durante o ano 2011, e para Marzo de 2012 espera a estrea da súa primeira obra para orquestra.

Na actualidade atopa realizando o doutorado en Trinity LabanConservatoire of Music and Dance baixo a supervisión de Stephen Montague e Jonathan Clark grazas a unha bolsa concedida pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, investigando a relación da música coa percepción temporal -espacial e a arquitectura.

